

- **Lugar:** Ventoso, SANTALLA D'OZCOS.
- **Narradora:** Remedios Fernández Tejedo, 87 anos (2012).
- **Recopilador:** Jesús Suárez López.
- **Grabaciós:** *El corazón del lobo*.

### **El corazón del lobo**

Iba a contar de que outra vez papá tamén... había muchísimos lobos y entonces iba meu padre y outro irmáu que tía, eran mui amigos de... dír pillarlle la cría a os lobos cuando parían. ¿E qué tremizaron? Ir unha noite así a o oscurecer... sabían únde tía a cría... y ir pillarlle a cría a os lobos, que tían alí. E tuvieron pensando cómo habían facer antias de cuyela... os bichecos. E tuvieron pensando, pensando... e díxolle un irmáu a o outro:

—Pois aquí polo terreo nun che podemos tar, que che nos han come-los lobos, e ¿sabes qué imos facer?, subirnos a este carballo.

Había un carballo xusto dunde taba a cría e díxolle papá:

—Pois teis boa idea, ¿vamos pra aló?

Pillaron us condenados dus lobetos nun saco, e pilláronol, atáronol o saco, puñéronol nos ombros pa que nun yes quitase de poder engatar. Sinte a loba us lobetos e nun se lles olvida del medo, que pensaron que lles ruía o coño do carballo pra baxa-los outros d'alí. Ye tuvieron que tar alí hasta pula mañá, que nun quixo marchar la loba sin os fillos. Y ende que foi, dirse y marchar. Ye espóis decíaye a papá eu:

—Oí, papá, ¿e nun tein muchísíemo medo?

Decía:

—¿E qué habíamos facer, neniña?, ¿nun ves que el lobo mátalo e píllaslle el corazón y éche menos ca un güevo, e bótalo nun caldeiro con auga a o oscurecer e pola mañá nun coye no caldeiro? ¡A ver qué valor no ten ese animal!

Ora qu'eso decíanolo muitas veces, de que pillaban eso, pro a papá d'aquellos dus lobos... nun volvéu jamás a tocar nus lobos, dixo: "Qu'anden por unde poidan". Purque, claro, se acertan a caer, que non fora xente... se fora outro cualquera que non tuvera valor igual se desmayaba e caía, ou ye pasaba cualquera cousa no árbol.

012.

**REMEDIOS FERNÁNDEZ TEJEDO**

Ventoso, SANTALLA D'OCOS

---

Foto: Jesús Suárez López

